



Sr. D. Alberto Núñez Feijoo
Presidente da Xunta de Galicia
Edifícios Administrativos de San Caetano
15704 Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2011

Estimado presidente:

A situación crítica da economía e do paro en Galicia require unha actuación urxente por parte dos poderes públicos e singularmente da Xunta de Galicia. Non podemos resignarnos a proseguir pola actual senda de destrución de emprego e falla de perspectivas para a reactivación económica.

Tendo en conta este momento de extrema gravidade que estamos a vivir, a busca de solucións para o desemprego é unha obriga esencial á que ten que facer fronte o Goberno galego que vostede preside. E que ata o de agora, e pese ás medidas que vén de reflectir na súa última comunicación escrita, soamente supuxeron a existencia de máis parados e paradas no noso país galego.

Quero reiterarlle a dispoñibilidade do Grupo Socialista que presido para tentar de acordar unha proposta que permita promover dende a Administración autonómica, un número de 20.000 novos empregos no próximo ano.

Entendemos que estamos ante un período de excepcionalidade, que require medidas urxentes, e por isto, considero positivo para contribuír a saír desta situación o poder consensuar unha alternativa que favoreza a creación de emprego.



Por isto, o Grupo Parlamentario Socialista que presido, segue amosando a súa disposición para manter unha reunión cos responsables da área económica que por vostede se asigne, tal e como xa lle comunicaba na miña anterior carta, co obxectivo de atopar alternativas que melloren as posibilidades e expectativas dos máis de 253.000 desempregados que están rexistrados nas oficinas do paro actualmente en Galicia.

Creo que, de consideralo, existen mecanismos técnicos suficientes que poderían articularse para levar a cabo as actuacións a promover, así como o seu posterior control. E que pasarían en todo caso por lograr un acordo parlamentario para modificar aqueles aspectos orzamentarios a modificar, posto que ningunha Lei ou proxecto normativo é inalterable.

Tal e como xa afirmaba, a emenda presentada polo Grupo Socialista ao proxecto orzamentario para o 2012, que transfería dotacións entre seccións orzamentarias, aínda que - como xa é sabido - non foi aprobada, contén a suficiente información e os elementos necesarios para poder dispoñer dun montante do orde de 120 millóns de euros para dedicar a un Plan específico contra o desemprego.

Por todo isto, reitero a necesidade de manter canto antes unha reunión entre os responsables da área económica dos grupos parlamentarios do PSdeG e do PP, para estudar as posibles alternativas e tomar medidas ao respecto.

Recibe un cordial saúdo,

Manuel Vázquez Fernández
Secretario xeral do PSdeG-PSOE